

CICLO FORMATIVO DE FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA EN INFORMÁTICA DE OFICINA

QUE SE APRENDE A FACER

Realizar operacións auxiliares de montaxe e mantemento de sistemas microinformáticos, periféricos e redes de comunicación de datos, e de tratamento, reprodución e arquivamento de documentos, operando coa calidade indicada e en condicións de seguridade e de protección ambiental, con responsabilidade e iniciativa persoal, e comunicándose oralmente e por escrito en linguas galega e castelá, así como nalgunha lingua estranxeira.

CONTORNO PROFESIONAL

Estes titulados exercen a súa actividade por conta allea en empresas dedicadas á comercialización, á montaxe, ao mantemento e á reparación de sistemas microinformáticos e de equipamentos eléctricos ou electrónicos, e en empresas que utilicen sistemas informáticos, para a súa xestión.

As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes:

- Axudante/a de montador/ora de sistemas microinformáticos.
- Axudante/a de mantemento de sistemas informáticos.
- Axudante/a de instalador/ora de sistemas informáticos.
- Axudante/a de instalador/ora de sistemas para transmisión de datos.
- Auxiliar de oficina.
- Auxiliar de servizos xerais.
- Gravador/ora verificador/ora de datos.
- Auxiliar de dixitalización.
- Operador/ora documental.

DURACIÓN

O ciclo formativo ten un total de 2000 horas de formación, que comprenden dous cursos completos. O tempo máximo de permanencia é de catro anos.

MÓDULOS DO CICLO

Os tipos de módulos de que consta este ciclo son os seguintes:

- a) Módulos asociados a unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais. Son os módulos nos que se tratan os contidos referentes á competencia profesional que se adquirirá. Ocupan o 49% do total das horas do ciclo. No caso deste ciclo formativo son os seguintes:
 - a.1. Montaxe e mantemento de sistemas e compoñentes informáticos.
 - a.2. Ofimática e arquivamento de documentos.
 - a.3. Instalación e mantemento de redes para transmisión de datos.
 - a.4. Operacións auxiliares para a configuración e a explotación.
- b) Módulos asociados aos bloques comúns da LOE. Trabállanse as competencias da aprendizaxe permanente para facilitar a transición cara á vida activa ou favorecer a continuidade no sistema educativo. Ocupan o 37% do total das horas do ciclo. Son tres módulos, en todos os ciclos:
 - b.1. Comunicación e Sociedade, no que se desenvolven competencias pertencentes ás materias de Lingua Galega, Lingua Castelá, Lingua Estranxeira e Ciencias Sociais.

b.2. Ciencias Aplicadas, no que se desenvolven competencias pertencentes ás materias de Matemáticas e de Ciencias, en ámbolos dous casos aplicadas ao contexto persoal e de aprendizaxe do campo profesional de que se trate.

b.3. Titoría, de unha hora semanal en cada curso.

c) Formación en Centros de Traballo. Consiste nun período de prácticas en empresas do sector dunha duración de 240 horas, o 12% do horario total do ciclo.

A distribución dos módulos en cada curso é a seguinte:

Curso	Módulos profesionais	Horas
1º	Ciencias Aplicadas I	175
1º	Comunicación e Sociedade I	206
1º	Montaxe e mantemento de sistemas e compoñentes informáticos	296
1º	Ofimática e arquivamento de documentos	233
1º	Titoría	35
2º	Ciencias Aplicadas II	162
2º	Comunicación e Sociedade II	135
2º	Instalación e mantemento de redes para transmisión de datos	206
2º	Operacións auxiliares para a configuración e a explotación	205
2º	Titoría	27
2º	Formación en centros de traballo	320

TITULACIÓN

A superación do ciclo formativo conduce á obtención do Título Profesional Básico en Informática de Oficina.

Este título ten os seguintes efectos:

1. Permite o acceso aos ciclos formativos de grao medio, tendo preferencia de acceso nas seguintes familias profesionais:
 - Edificación e Obra Civil.
 - Electricidade e Electrónica.
 - Enerxía e Auga.
 - Fabricación Mecánica.
 - Industrias Extractivas.
 - Informática e Comunicacions.
 - Instalación e Mantemento.
 - Madeira, Moble e Cortiza.
 - Marítimo-Pesqueira.
 - Química.
 - Transporte e Mantemento de Vehículos.
2. Permitirá a obtención do Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria mediante a superación da proba de avaliación final, por calquera das dúas opcións previstas.
3. O título profesional básico terá os mesmos efectos laborais que o Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria para o acceso a empregos públicos e privados.

PRAZOS DE SOLICITUDE DE ADMISIÓN E MATRÍCULA

- **Solicitud de admisión:** do 1 ao 10 de setembro ás 13:00 horas, no centro elixido, presentando a comunicación de incorporación outorgada no centro de procedencia.
- **Matrícula:** do 12 ao 19 de setembro.

OFERTA FORMATIVA DE FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA

A oferta actual de ciclos formativos de Formación Profesional Básica é a seguinte:

- Servizos administrativos.
- Actividades agropecuarias.
- Agroxardinaría e composicións florais.
- Artes gráficas.
- Servizos comerciais.
- Reforma e mantemento de edificios.
- Electricidade e electrónica.
- Fabricación e montaxe.
- Aloxamento e lavandaría.
- Cociña e restauración.
- Peiteado e estética.
- Industrias alimentarias.
- Informática de oficina.
- Informática e comunicacións.
- Carpintaría e moble.
- Actividades marítimo-pesqueiras.
- Arranxos e reparación de artigos téxtiles e de pel.
- Mantemento de vehículos.

INFORMACIÓN

Poden obter máis información no Departamento de Orientación ou na páxina web <http://www.edu.xunta.es/fp/oferta-fp>.